THIS IS NOT A BURIAL, IT'S A RESURRECTION
NON É UN ENTERRO, É UNHA RESURRECCIÓN
[Lemohang Jeremiah Mosese, 2019, Lesotho, 120', VOSE]

Dirección, montaxe e guión **Lemohang Jeremiah Mosese**
Fotografía **Pierre de Villiers**
Son **Pressure Cooker Studios**
Música **Yu Miyashita**
Elenco **Mary Twala, Jerry Mofokeng, Tseko Monaheng, Makhaola Ndebele**
Produción **Urucu Media**
Distribución **Fcat**

Nas montañas de Lesotho, un país sen saída ao mar, unha viúva de 80 anos pon orde nos seus asuntos, prepara o seu enterro e agarda a morte. Mais cando a súa aldea se ve ameazada pola construción dunha presa, as ganas de vivir apodéranse dela e é quen de espertar un espírito colectivo de resistencia na súa comunidade. É entón, nos derradeiros intres da vida, cando se forxa a lenda de Mantoa.

VINDEIRAS SESIÓNS **MARZO 2021**

MARTES 16 ás 19:30 h
THOSE THAT, AT A DISTANCE, RESEMBLE ANOTHER
(Jessica Sarah Rinland, 2019, 67 min., VOSE)

MARTES 23 ás 19:30 h
BETWEEN FENCES
(Avi Mograbi, 2016, 85 min., VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#137
9.3.2021



THIS IS NOT A BURIAL, IT'S A RESURRECTION

LEMOHANG JEREMIAH MOSESE

CINECLUBE PONTEVEDRA

Meu fillo,
chámanlle progreso a cando o home chega,
sinala co seu dedo condenatorio a natureza e,
simplemente, proclama que a conquistou.

ENTREVISTA CON **LEMOHANG JEREMIAH MOSESE**

Tecnicamente, a estrea mundial do primeiro filme narrativo de Lemohang Jeremiah Mosese, *This is Not a Burial, It's a Resurrection*, tivo lugar na Biennale de Venecia en 2019. En realidade, a súa verdadeira presentación en sociedade tivo lugar no Festival de Sundance. Ás poucas persoas que o viron remitiulles á chegada de cineastas coma Apitchapong Weerasethakul con *Mysterious Object at Noon* en 2000 ou Albert Serra con *Honor de cavalleria* en 2006: a súbita aparición dun cineasta nato, un artista fondamente inmerso na poética do cinema, instintivamente radical e poderoso en forma e tema.

Mosese, que captou a atención por primeira vez no Forum da Berlinale de 2019 co seu intenso filme-ensaio *Mother, I Am Suffocating. This Is My Last Film About You*, creou unha fábula lírica situada nun remoto val de Lesotho, sobre unha anciá viúva, Mantoa (Mary Twala Mhlongo), que chora a morte do seu fillo mineiro, o seu último familiar. Negándose a abandonar o dó, a presenza de Mantoa convértese nunha increpación a Deus e á veciñanza, ameazada coa resituación forzosa cando o Goberno planea construír unha presa en nome do progreso e o desenvolvemento; unha forza fóra da pantalla que comeza a tomar a forma do mal mentres a historia de Mantoa se desenvolve con potencia operística dentro dos cadros exquisitamente compostos con formato académico.

Cal é a súa conexión persoal con esta zona de Lesotho, os cambios catastróficos e os custos do progreso que se articulan no filme? Os problemas da zona xorden nos oitenta, durante a dictadura militar, que impulsou pantanos moi destrutivos, obrigando a innumerables habitantes das aldeas a abandonar os seus fogares. Aí é onde eu medrei. A xente relocalizada coma a que se ve no filme son os años sacrificiais dese proceso. Vivimos nun estado de retroceso durante séculos. Lesotho é unha terra esquecida. Había unha sensación de que por fin avanzabamos, mais o problema era o xeito en que o Goberno e os intereses privados o facían.

Cal é a orixe da historia? Fixen este filme a partir de sentimentos totalmente persoais. A miña avoa contábame como o meu avó participou na Segunda Guerra Mundial. Cando el e os demais homes regresaron, perderan dedos e outras partes dos seus corpos. De aí vén a frase dunha escena: «Volver da mina é coma volver da guerra». Vía os homes volver das minas sen dedos, sen mans, con feridas terribles.

O filme aborda unha perda da fe, e inclúe unha escena fascinante en que o cura confesa a anciá fóra da porta da súa casa, invertindo o rito católico. Suxire o tema do silencio de Deus. Como de persoal é isto para vostede? Provén dos meus propios conflitos. Eu fun un cristián moi devoto durante doce anos. Medrei nun lugar moi violento. A miña avoa dicía que acabaría morto ou no cárcere. O cinema salvou a miña vida; sen el estaría morto. A miña nai era moi devota e convenceume para ir á igrexa. Eu estivera involucrado en bandas que cometían pequenos delitos. Levaba coitelo aos sete anos. Mais cando os coitelos mudaron por pistolas xirei cara ao cristianismo. Cando o meu amigo se pegou un tiro, iso fíxome cambalear e atopei a fe, e os fieis víronme coma un neno milagroso. A certa altura comecei a facerme preguntas sobre Deus e sobre a morte, ao ver morrer xente boa e dubidar. Lin a Biblia tres ou catro veces, e pelexei coa pasaxe que di que todo foi feito por e para Deus. Todo. Que significa iso? É coma se Deus estivese moi presente e ao tempo fose indiferente.

A anciá sente esa indiferenza. Sempre foi parte da historia o feito de que permaneza co seu vestido de loito? Si. Rexeita todo, mesmo os costumes da aldea. Péchase no seu dó. O feito de estar soa, sen ninguén máis na familia que se opoña a ela permítelle facer todo o que fai despois.

Semella que a medida que a muller comeza a rexurdir da súa casa e loitar co alcalde polo cemiterio, a súa cámara comeza a revelar máis xente, máis paisaxe, a expandir a variedade da imaxe. É intencionado e non obstante subliminal... Era moi intencionado, si. A cámara vólvese máis móbil. Hai dous motivos polos que ela abandona a súa casa. Quere limpar o lixo no cemiterio, e é normal, as persoas queren que o seu lugar de descanso sexa un sitio de respecto e honor. E tamén quere quedar na aldea. E o alcalde non quere mudarse. Somos xente pacífica e amable. Nas montañas, se alguén quere quitarlle a súa terra á xente, a xente convidaralle a tomar un café. Somos así, tan amables que calquera pode aproveitarse de nós. Mais hoxe a nosa xeración trata de mudar as cousas para que non se aproveiten, para que se decaten de que estamos aí.

Cre que o filme en si é parte dese proxecto? Totalmente. A sensación de morte que trato de plasmar (cando a xente acode aos seus cargos electos coma ovellas) está aí, é unha realidade. No meu primeiro borrador, o rei de Lesotho chegaba á aldea, mais mudeino para visualizar a invasión da vila, e para suxerir de forma ambigua que a morte da anciá era o acto definitivo do desafío. Quería xogar na conclusión coa metáfora de Xesús e a resurrección.

KOEHLER, ROBERT (2020). Milagro en Sundance. *Caimán. Cuadernos de cine*, (91 [142]), páx. 60, 61.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.